



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 13 DE NOVEMBRO DE 2019

2.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Recoñécense diversos gastos, por un total de 225.422,61 euros.

3.- Aprobación do expediente de contrato do servizo de "saúde paso a paso" nos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela. Adxudícase o devandito servizo á empresa Eulen SA, por un importe de 40.865,86 euros (IVE incluído).

4.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais e Saúde relativa ao expediente de resolución definitiva da convocatoria para a concesión de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do concello de Santiago de Compostela, para o curso 2019/2020 (BOP núm. 96 de 23/05/2019). Apróbase a resolución definitiva da convocatoria, á que se destinan 600.000 euros. No prazo ordinario presentáronse 758 solicitudes.

5.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa a dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Arteal Tennis de Mesa. Dáse conta da sinatura do convenio, por un importe de 12.000 euros.

6.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á ampliación do prazo de xustificación considerado nas bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado ano 2019. Apróbase a ampliación do prazo de xustificación, definindo como nova data límite o 5 de decembro.